



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: nomeamento de 4 peóns obra para o programa PEL Concellos 2022.

Visto que por Resolución de Alcaldía se acordou convocar, con carácter urgente, o proceso selectivo de persoal para 4 postos na cuadrilla de obras do Programa de Integración Laboral (PEL Concellos 2022).

Visto que se publicou un anuncio do devandito proceso de selección na Voz de Galicia con data 05/05/2022, no que se concedía un prazo de presentación de instancias de 10 días naturais contados dende o seguinte da publicación no diario a Voz de Galicia e na sede electrónica municipal.

Visto o informe da auxiliar administrativo do Rexistro deste concello. con data do 18/05/2022, onde constan 7 persoas interesadas nos postos de peón de obras, PEL2022.

Visto o decreto de listaxe de admitidos e excluídos definitiva e as actas nº 1 e nº 2 do tribunal de selección da cuadrilla de obras dos días 02/06/2022 e 03/06/2022 respectivamente, que inclúen a valoración da fase de concurso e a de oposición, así como a valoración total dos aspirantes e a proposta de nomeamento das prazas e a clasificación por orde decrecente das mesmas, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro: nomear como PEÓNS DE OBRA para a cuadrilla de obras do Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña (PEL2022) aos seguintes aspirantes:

- Andrade Souto José.
- Fuentes Fuentes José.
- Pérez Blanco José.
- Romero García Antonio.

Segundo: outorgar un prazo de 3 días hábiles a contar dende a publicación desta resolución de nomeamento para que os adxudicatarios presenten a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula oitava das bases de selección para a súa posterior formalización do contrato laboral.

Terceiro: publicar este acordo no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal, de conformidade co previsto nas bases de selección.

Cuarto: dar conta da presente resolución ó Pleno da corporación na vindeira sesión que se celebre e dar traslado á intervención e a tesoureiría municipal.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)